

De que falamos cando falamos do Bacharelato Internacional?

En primeiro lugar, convén distinguir a Organización do Bacharelato Internacional (**BI**) dos seus programas. No IES do Castro desenvólvese o Programa do Diploma, un dos programas educativos da Organización do Bacharelato Internacional. Este programa é o que chamamos comunmente “Bacharelato Internacional”.

Que quere dicir, entón, que o IES do Castro estea autorizado para impartir o Programa do Diploma?

O IES do Castro ten pasado un proceso de preparación e avaliación supervisado pola Organización do Bacharelato Internacional do que resulta a autorización para impartir o Programa e ser considerado *Colexio do Mundo*.

Que é o programa do Diploma?

O Programa do Diploma, en palabras do IB, é *un currículo esixente e estimulante de dous anos de duración, dirixido ó alumnado de 16 a 19 anos.*

O programa aporta ó alumnado moito máis que coñecementos. Trátase dunha preparación para a universidade na que aprenderán a:

- formular interrogantes complexas
- aprender a aprender
- desenvolver unha forte identidade persoal e cultural
- desenvolver a capacidade de comprender as persoas doutros países e culturas, e comunicarse con elas.”

É compatible o programa do Diploma co Bacharelato LOMCE (próximamente LOMLOE)?

O alumnado do Bacharelato Internacional cursa ao mesmo tempo as dúas opcións de bacharelato, de maneira que obtén as dúas titulacións. Na maioría das materias hai unha coincidencia moi alta, de forma que non existe problema en compatibilizar a preparación dos exames do Diploma co seguimento dos cursos do Bacharelato LOMCE.

En que linguas se imparte o Programa do Diploma?

O Programa pode impartirse en español, francés e inglés. No IES do Castro, impártense tódalas materias do Diploma en español. Das materias non incluídas no Diploma, cursaranse en galego as necesarias para cumprir co decreto de normalización.

Que estudian os estudantes do Programa do Diploma?

O currículo contén seis grupos de materias e un tronco común que consta de tres compoñentes independentes.



O alumnado prepara seis materias que elixen das dispoñibles nos seis grupos de materias. Normalmente tres materias estúdanse a Nivel Superior (240 horas lectivas por materia), e as outras tres a Nivel Medio (150 horas lectivas por materia).

Os tres compoñentes do tronco común —Monografía, Teoría do Coñecemento e Creatividade, Acción e Servizo— son obrigatorios e constitúen o eixo central da filosofía do Programa do Diploma.

En que consiste a Monografía?

A Monografía -un traballo escrito de non máis de 4.000 palabras- ofrece ós estudantes a oportunidade de investigar un tema no que estean interesados especialmente, á vez que os familiariza coa investigación independente e o tipo de redacción académica que atoparán máis adiante na universidade.

En que consiste a Teoría do Coñecemento?

TdC é un curso (non exactamente unha materia) interdisciplinario concibido para desenvolver un enfoque integrado e coherente da aprendizaxe mediante a exploración da natureza do coñecemento nas distintas disciplinas e, ademais, estimula a apreciación doutras perspectivas culturais. Os alumnos reflexionan sobre o coñecemento.

En que consisten as actividades CAS?

Trátase de que os estudantes tomen parte en actividades artísticas, deportivas e de servizo á comunidade, co que se fomenta un coñecemento e unha apreciación da vida extraacadémica. O centro organizará e supervisará actividades de maneira que tódolos alumnos e alumnas poidan cumprir coas 150 horas esixidas.

Cal é a oferta de materias do IES do Castro?

O alumnado que curse o Programa do Diploma terá as seguintes materias en NS (Nivel Superior ou (Nivel Medio):

	Bacharelato Científico-Técnico	Ciencias Sociais	Humanidades
GR 1	Lingua A1 (NS) (Español)	Lingua A1 (NS) (Español)	Lingua A1 (NS) (Español)
GR 2	Inglés (NS)	Inglés (NS)	Inglés (NS) Latín (NM)
GR 3	Filosofía (NS)	Filosofía (NS) TISG (*) (NM)	Filosofía (NS)
GR 4	Matemáticas (NM)	Estudos Matemáticos (NM)	Estudos Matemáticos (NM)
GR 5 (*)	Biología (NM) Química (NM) Física (NM)	Sistemas ambientais e Sociedades (NM)	Sistemas ambientais e Sociedades (NM)

(*) Tecnoloxía da Información nunha Sociedade Global.

(**) No segundo curso terán que examinarse de dúas das tres do GR 5 nos exames BI.

O alumnado cursará ademais o resto das asignaturas que compoñen o currículo do noso bacharelato (L.Galega, Ed. Física, Historia de España, Economía, Grego, Debuxo Técnico, etc. segundo a modalidade elixida)

Como se avalía o alumnado?

A avaliación do programa do Diploma realízase preferentemente ó remate dos dous anos de Bacharelato. Porén, o alumnado será avaliado tamén nas materias correspondentes do noso bacharelato. Recibirán, por tanto, os seus informes de avaliación trimestrais, notas finais de 1º de Bach. e de 2º de Bach.

O Programa do Diploma será avaliado de forma interna e externa:

Avaliación interna

En case todas as materias, alomenos parte da avaliación corre a cargo dos profesores do centro, que corríxen traballos individuais entregados como parte do traballo do curso. Exemplos destes traballos serían: exercicios orais, proxectos, cartafoles, presentacións en clase, prácticas de laboratorio, investigacións matemáticas, etc.

Avaliación externa

- Algunhas tarefas de avaliación son dirixidas e supervisadas polos profesores, pero son corrixidas por examinadores externos. Exemplos disto serían: traballos escritos de literatura mundial de Lingua A1, tarefas escritas de Lingua B, ensaios de Teoría do Coñecemento e a Monografía.
- Unha boa parte da avaliación das materias realízase por medio de exames finais corrixidos por examinadores externos.

Recoñecen as universidades o Diploma do BI?

Moitas universidades no mundo recoñecen directamente o Diploma como requisito de acceso. En España, o Ministerio ven autorizando o Diploma como vía de acceso á Universidade. Un trámite de convalidación da fase xeral se realiza automaticamente na UNED (Universidade a Distancia), sendo necesario realizar as probas da fase específica.

Porén, como os resultados do Programa do Diploma non se coñecen ata principios de xullo, o alumnado preséntase tamén ás probas de Selectividade na fase xeral co obxecto de non perder unha oportunidade. Ate hoxe todos aprobaron con boas notas as ABU.

A maioría das universidades valoran moi positivamente o feito de que un alumno/a teña cursado certas materias do Programa (en función da carreira elixida), aínda que non teña superado o Diploma.

Como se financia o Programa do Diploma no IES do Castro?

A Organización do Bacharelato Internacional cobra unha taxa anual por centro e outra por cada alumno matriculado. O IES do Castro como centro público non vai cobrar ningunha cantidade ó seu alumnado. O financiamento realízase mediante convenio polas Consellerías de Educación e de Pesca.

Cantos alumnos poderán cursar o Programa do Diploma?

O IES do Castro disporá de 30 prazas das que 4 serán de reserva para os fillos de funcionarios da Axencia Europea de Pesca.

Como se pode acceder ó Programa do Diploma?

Tódolos alumnos que teñan o título de Graduado en Secundaria, poden solicitar praza no IES do Castro. O único criterio de selección será o expediente académico.

Como podo completar a información?

Podes chamar ó IES do Castro

Tf 986 422 974

Correo-e: ies.docastro@edu.xunta.es

castroibo@gmail.com

Tamén nas seguintes direccións en Internet

<http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro>

www.ibo.org/es



2008-2021

ESTUDIA O
PROGRAMA DO
BACHARELATO
INTERNACIONAL
NUN CENTRO
PÚBLICO